

CONVENIO TIPO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO, A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA A CONCESIÓN DAS AXUDAS AO SECTOR DA HOSTALARÍA CUXOS NEGOCIOS QUEDARON AFECTADOS POLOS PECHES REGULADOS NA NORMATIVA DITADA POLAS AUTORIDADES SANITARIAS POR CAUSA DA COVID-19.

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

María Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Marta Valcárcel Gómez, alcaldesa presidenta do Concello de Salvaterra de Miño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúen o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecéndose de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de colaboración e cooperación técnica e administrativa, podéndose levar a cabo mediante a asistencia técnica e a subscrición de convenios.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo conforme ao disposto no Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia en relación co establecido no Decreto 214/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

Terceiro .- Que a competencia en materia de políticas activas de emprego correspóndelle á Consellería de Emprego e Igualdade, segundo o disposto no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e do Decreto 130/2020, do 17 de setembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 215/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego e Igualdade.

Cuarto .- O artigo 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia prevé que as relacións de colaboración e cooperación económica, técnica e administrativa entre as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia, tanto na asuntos locais como nos asuntos de interese común se desenvolvan con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis. Entre as formas de colaboración atópase a subscrición de convenios.

Os concellos galegos, por ser a administración máis próxima á cidadanía, están interesados en por

en marcha medidas concretas que aborden o impacto que o coronavirus causou no sector da hostalaría e dar unha resposta inmediata ás necesidades que precisan os establecementos hostaleiros e de restauración.

Quinto .- Mediante o Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, declarouse o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2. Esta declaración afectou todo o territorio nacional e a súa duración inicial estendeuse, conforme o disposto no seu artigo 4, ata as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020.

O 29 de outubro de 2020, o Congreso dos Deputados autorizou a prórroga do estado de alarma ata o día 9 de maio de 2021. Conforme o artigo 2 do Real decreto 956/2020, do 3 de novembro, polo que se prorroga o estado de alarma declarado polo Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, polo que se declara o estado de alarma para conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, a prórroga establecida no devandito real decreto estenderase desde as 00.00 horas do día 9 de novembro de 2020 ata as 00.00 horas do día 9 de maio de 2021, e someterase ás condicións establecidas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, e nos decretos que, se é o caso, se adopten en uso da habilitación conferida pola disposición derradeira primeira do citado Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, sen prexuízo do establecido nas disposicións que recolle o propio real decreto de prórroga.

Conforme o artigo 2 do Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, para os efectos do estado de alarma, a autoridade competente será o Goberno da Nación. En cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a autoridade competente delegada será quen exerza a presidencia da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, nos termos establecidos no real decreto. As autoridades competentes delegadas quedan habilitadas para ditar, por delegación do Goberno da Nación, as ordes, resolucións e disposicións para a aplicación do previsto nos artigos 5 ao 11 do real decreto, sen que para iso sexa precisa a tramitación de procedemento administrativo ningún, nin será de aplicación o previsto no segundo parágrafo do artigo 8.6 e no artigo 10.8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

En consecuencia, durante a vixencia do estado de alarma e da súa prórroga, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, deberán adoptarse, na condición de autoridade competente delegada, nos termos previstos no devandito real decreto e no real decreto de prórroga.

Non obstante, as medidas previstas no Real decreto 926/2020, do 25 de outubro, non esgotan todas as que poden ser adoptadas para facer fronte á crise sanitaria. Neste sentido, como prevé expresamente o seu artigo 12, cada Administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente, así como a xestión dos seus servizos e do seu persoal, para adoptar as medidas que considere necesarias, sen prexuízo do establecido no real decreto.

No exercicio destas competencias, e coa finalidade de conter a propagación de infeccións causadas polo SARS-CoV-2, as autoridades sanitarias adoptaron diversas medidas que afectaron directamente ao sector hostaleiro que abarcaron dende o establecemento de requisitos e limitacións ao desenvolvemento da actividade de hostalaría e restauración ata as medidas de peche temporal destes establecementos.

Sexto.- O sector hostaleiro de Galicia, cunha función económica e social esencial, está composto, na súa maioría, por microempresas e, principalmente, por persoas traballadoras autónomas, que son as principais protagonistas na creación de emprego. Por este motivo, as distintas administracións públicas están a impulsar medidas para fomentar a actividade económica e mais concretamente para apoiar o mantemento do emprego na hostalaría de Galicia como axentes dinamizadores da economía na comunidade autónoma.

Non é suficiente con desenvolver políticas que favorezan o emprendemento senón que tamén é necesario articular programas que axuden e consoliden as microempresas e traballadores autónomos con persoal contratado ao seu cargo xa establecidos.

Sétimo.- No marco do contexto descrito as diferentes administracións públicas están a adoptar medidas de apoio ao sector da hostalaría, cuxos negocios quedaron afectados polas limitacións ao desenvolvemento da actividade así como polos peches temporais destes establecementos regulados na normativa sanitaria sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19.

Entre estas medidas atópanse as axudas convocadas pola Consellería de Emprego e Igualdade mediante a Orde do 22 de febreiro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C), e do Programa II Outras actividades pechadas (TR500D), e se procede á súa convocatoria para 2021 (DOG Núm.36, do 23

de febreiro de 2021). Estas axudas contan cun orzamento para o Programa I de 12.000.000 €.

Oitavo.- A concesión das axudas convocadas pola Orde do 22 de febreiro de 2021 realizarase, tal e como recolle no seu artigo 10, pola comprobación da concorrencia na persoa ou entidade solicitante dos requisitos sinalados na mesma ata o esgotamento do crédito.

Noveno.- Os concellos de réxime común da Comunidade Autónoma teñen interese en complementar as axudas reguladas na antedita Orde do 22 de febreiro de 2021, e comprométense a realizar achegas a aquela para que estas sexan destinadas ás solicitudes que foran presentadas por persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, microempresas e pemes, calquera que sexa a súa forma xurídica, que pertencen ao sector da hostalaría e que se vexan afectadas polo peche conforme á normativa ditada polas autoridades sanitarias e que teñan o seu con domicilio no ámbito territorial do concello, sempre e cando estas solicitudes cumpran os requisitos sinalados na Orde do 22 de febreiro de 2021.

Décimo.- Co fin de poder levar a cabo as actuacións previstas no presente convenio, unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes das axudas conforme o establecido no artigo 20 da Orde do 22 de febreiro de 2021, elaborouse unha listaxe coas solicitudes presentadas no ámbito territorial de cada un dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia, que se puxo a disposición dos mesmos co obxecto de que estes, se así o desexasen, procederan a formalizar o presente convenio, no que se determinarán a cantidade total obxecto da súa achega, así como os beneficiarios desta.

O importe da axuda complementaria á establecida na antedita orde ascenderá á cantidade de 1000 € por establecemento e poderá estar destinada ás solicitudes que obtiveran axuda conforme á Orde do 22 de febreiro de 2021, ou a aquelas que non resultaran atendidas por esgotamento de crédito.

De conformidade co exposto, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para instrumentar a colaboración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Consellería de Emprego e Igualdade, e o Concello de Salvaterra de Miño para a concesión de das axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.

CLÁUSULAS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓN XERAIS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a colaboración da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, e da Consellería de Emprego e Igualdade, e o Concello de Salvaterra de Miño para a concesión de axudas ao sector da hostalaría cuxos negocios quedaron afectados polos peches regulados na normativa ditada polas autoridades sanitarias por causa da Covid-19.

Segunda.- Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, da Consellería de Emprego e Igualdade e do Concello de Salvaterra de Miño , e formalizarase mediante a subscripción da correspondente addenda ao mesmo.

Terceira.- Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura (coa obriga da publicación do mesmo nun boletín oficial -artigo 11.3.b) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-) ata o 31 de decembro de 2021.

Agora ben, a Comisión de Seguimento da execución do convenio valorará a procedencia de finalizar o convenio antes desa data se a colaboración deixa de ser necesaria . Nese caso as partes poderán resolver o convenio de acordo co previsto na cláusula seguinte, estendendo non obstante a súa vixencia ata o remate dos procedementos xa iniciados baixo a vixencia deste convenio, salvo que o concello renuncie a esta posibilidade.

O anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

Cuarta.- Resolución do convenio.

O presente convenio resolverase polas causas legalmente previstas, así como pola ineficacia sobrevida, por desaparecer a necesidade da colaboración, de acordo co previsto na cláusula

terceira, polo incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.

CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DAS PARTES

Quinta.- Obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia

A Comunidade Autónoma de Galicia comprométese, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e da Consellería de Emprego e Igualdade, a:

-A realización dos trámites necesarios para proceder á xeración dos créditos correspondentes á achega do Concello de Salvaterra de Miño, conforme o disposto nos artigos 66 e 69 do Decreto Lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

- Tramitar as axudas correspondentes ás solicitudes presentadas dentro do ámbito territorial propio do Concello de Salvaterra de Miño e que cumpran os requisitos sinalados na Orde do 22 de febreiro de 2021.

-Unha vez realizados os trámites anteriores, a Consellería de Emprego e Igualdade ditará as resolucións de concesión das axudas complementarias ás establecidas nas bases reguladoras do Programa I Hostalaría, de apoio ao sector da hostalaría (TR500C) dentro do ámbito territorial propio do Concello de Salvaterra de Miño. A concesión das axudas realizarase nos termos establecidos no convenio.

- A proceder ao pago das axudas concedidas nos termos previstos na Orde do 22 de febreiro e a tramitación e resolución do procedemento de reintegro das mesmas nos casos previstos na Orde do 22 de febreiro e no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Sexta.- Obrigas do concello

O Concello de Salvaterra de Miño comprométese:

a) A achegar a contía total de 38.000€ para complementar, mediante xeración, as axudas da Orde do 22 de febreiro para o Programa I (Hostalaría), co fin de que se destine ás solicitudes que foran presentadas por persoas traballadoras autónomas, persoas físicas ou con persoal contratado por conta allea ao seu cargo, microempresas e pemes, calquera que sexa a súa forma xurídica, que pertenczan ao sector da hostalaría e que se vexan afectadas polo peche conforme a normativa ditada polas autoridades sanitarias e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do concello.

Da devandita contía destinaranse 1.000 € para cada un dos establecementos indicados no seguinte

apartado ata o esgotamento do crédito total achegado polo concello.

b) A achega destinarase a conceder axudas complementarias, por importe de 1.000 € para cada un dos establecementos, a (marcar cunha X o que proceda):

- () as solicitudes presentadas polas persoas ou entidades a que se refire o apartado anterior e que teñan o seu domicilio no ámbito territorial do seu concello.

c) A achega realizarase, con carácter voluntario, do seguinte xeito (marcar cunha X o que proceda):

- () mediante a detracción, por parte da Xunta de Galicia, das súas transferencias do Fondo de Cooperación local.

CAPÍTULO TERCEIRO. SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Sétima. Seguimento da execución do convenio

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, un dos cales actuará como presidente, dous representantes da Consellería de Emprego e Igualdade e outros dous en representación do concello.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.
- As propostas de modificación do presente convenio.
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.
- A valoración da procedencia de finalizar o convenio antes da data prevista por deixar de ser necesaria a colaboración.

CAPÍTULO CUARTO. FINANCIAMENTO

Oitava. Financiamento

As actuacións previstas neste convenio non supoñen ningún gasto para a Comunidade Autónoma de Galicia, xa que se realizarán cos seus medios propios.

O financiamento do concello ascende a 38.000,00€

CAPÍTULO QUINTO. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Novena.- Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa. En especial, o convenio queda suxeito as previsións do artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no que proceda, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décima.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo primeira.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto

126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Vicepresidente primeiro e
Conselleiro de Presidencia,
Xustiza e Turismo

A Conselleira de Emprego e
Igualdade

O alcaldesa presidenta do
concello de Salvaterra de
Miño

D. Alfonso Rueda Valenzuela

Dna. M^a Jesús Lorenzana
Somoza

Dna. Marta Valcárcel Gómez